

Como médica rural, vivín perto da xente do pobo, compartín as súas experiencias, aprendín das súas vidas, fun testemuña da tripla praga da pobreza, a ignorancia e a enfermidade. As mulleres cargaban cun dobre peso, porque tamén sufrían a opresión dos seus pais e homes, irmáns e tíos e dos outros homes. Vin mozas queimarse vivas ou tirarse ás augas do Nilo e afogarse para escapar da tiranía dun pai ou dun esposo. Tentei axudalas, pero os homes de poder do pobo, coa complicidade das autoridades do Estado, fixeron que me trasladasen a outro lugar, acusándome de non respectar os valores tradicionais da comunidade, ou de incitar ás mulleres a rebelarse contra a relixión e a lei.

**NAWAL O SAADAWI (1932, Kafir Tahla, Exipto).** Doutora en medicina. En 1957 foi nomeada Directora Xeral de Sanidade, cargo do que foi cesada tras publicar os seus estudos sobre as mulleres e a sexualidade no mundo árabe.

(Fragmento extraído de "A filla de Ise", libro autobiográfico)

**Comenta a frase: "as mulleres cargaban cun dobre peso". Pensa en situacións máis próximas que evidencien esta realidade.**

**Comenta a frase: "os homes de poder do pobo, coa complicidade das autoridades do Estado". Fala coa túa nai ou coas túas avoas para que che conten as leis que estaban viventes cando naperon e mentres medraban e que discriminaban as mulleres. Elabora unha lista de cousas que ti fas habitualmente e que elas non podían facer por lei ou porque estaban sancionadas socialmente.**

**Indaga de que xeito se xustificaba esa discriminación. Hoxe en día esas leis están abolidas. Pensas que as ideas que as sustentaban tamén desapareceron? Busca comentarios, actitudes, refráns, expectativas... que evidencien a vivencia da devandita discriminación.**

# F E B R E I R O

O primeiro problema que temos todos, homes e mulleres, non é aprender, senón desaprender.

Gloria Steinem

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
				1873 Morre Gertrudis Gómez de Avellaneda. Escritora e loitadora contra a escravitude	1813 A Asemblea Xeral declara libres a fillas/os de escravas do Río da Prata	1980 Gro Harlem Brundland, 1ª Ministra Norueguesa, escolle un Consello de 8 mulleres
4	5	6	7	8	9	10
1921 Nace Betty Friedan. Psicóloga feminista. Fundou NOW. "A mística da femineidade"	Almudena Grandes, escritora comprometida, que visibiliza ás mulleres	1918 Instítuese o voto das mulleres no Reino Unido	1849 Nace Mercedes Cabello de Carbonera, iniciadora da novela moderna no Perú	1958 Nace Marina da Silva. Loitadora Sindicalista. Ministra do Medio Ambiente no Brasil	1978 Carmen Conde, escritora, converteuse na 1ª muller da Real Academia Española	1891 Falece Sofia Kovalevskaya. Matemática. Rotación do sólido rixido
11	12	13	14	15	16	17
1596 A galega Isabel Barreto conclúe en Manila a 1ª expedición dirixida por unha muller	1921 Nace Asunción Linares; 1ª muller catedrática nunha facultade de Ciencias	1917 Margar. Gertrudis Zelle, "Mata-Hari", espía holandesa, é detida nun hotel de París	1902 Fundase en Washington a Alianza Internacional para o Sufraxio Feminino	1992 Mª Elena Moyano, loitadora social peruana, é asasinada por Sendero Luminoso	415 Hipatia de Alexandria, matemática e inventora, asasinada por cristiáns	1905 Nace Rozsa Peter, matemática, expón a Teoría Recorrente da Función
18	19	20	21	22	23	24
1934 Noruega. As mulleres poderán acceder a cargos oficiais do Estado e da Igrexa	1941 Nace Elfrida André, organista e compositora sueca	1914 Nace en Porto Rico Julia de Burgos, poeta. Premios de literatura e xornalismo	1942 Nace Margarethe von Trotta, actriz, guionista e realizadora	1931 Pasamento de Ofelia Nieto, soprano lírica compostelá	2001 A.C.P.I. dita a 1ª Sentenza por violación sexual. Crime contra a humanidade	Neste e outros días, Antonina Rodrigo visibiliza a mulleres silenciadas e esquecidas
25	26	27	28	29		
1905 Pasamento en Marsella da grande revolucionaria Louise Michel, aos 72 anos	1971 Nace Erykah Badu, cantante negra norteamericana	1904 Nace en Ávila Mª Pilar Losada, 1ª muller piloto do estado español	1909 Celebrase nos EUA o primeiro "Día Nacional da Muller"	Ás milicianas, enlaces, exiliadas, fuxidas, represaliadas en xeral da Guerra Civil e do franquismo		